

## **Normas para Hostalaría**

Os establecementos de hostalaría situados na zona da Festa Corsaria que desexen facer uso do espazo público os días 19 e 20 de agosto deberán presentar cuberta a solicitude e cumprir as normas que se detallan a continuación:

\* Entregar por rexistro a solicitude cuberta antes do día 15 de agosto de 2022, acompañado da seguinte documentación:

- ❖ Copia do DNI da persoa representante.
- ❖ Esbozo ou fotografías que amosen as dimensións do espazo solicitado, o seu emprazamento e a estética que se lle quere dar para a Festa Corsaria

\* Aceptar os seguintes requisitos:

- ❖ As mesas autorizadas deberán ter visible o número de identificación.
- ❖ Deberá adaptarse ao espazo asignado.
- ❖ Todos os carteis e material deseñado para a festa, deberán estar redactados en galego e adaptados á época.
- ❖ As persoas que atendan vestirán traxes adecuados á época histórica da festa.
- ❖ Os locais deberán ter ambientación acorde coa festa, tanto no interior coma no exterior.
- ❖ Usaranse depósitos para lixo acordes coa ambientación da festa (sacos, cestos...) e cada local farase responsable de baleiralos nos colectores municipais, e tomarán medidas necesarias para non deixar restos de materiais, lixo, nin manchas de graxa, aceite ou similares no lugar público ocupado.
- ❖ A montaxe poderá ser realizada dende o día 18 ata o 21 de agosto.

## **Lumes e grellas**

- \* As mesas que necesiten facer lume, deberán facelo constar na solicitude.
- \* O lume farase no espazo asignado.
- \* Está PROHIBIDO facer lume baixo toldos, instalacións eléctricas ou calquera elemento susceptible de arder.
- \* O espazo do lume terá a medida suficiente para impedir que persoas alleas accedan, de xeito que impida queimaduras.
- \* Deberá ter un extintor 6 Kg eficacia 21 A-113B ou dous de 3 KG ou acceso a toma de auga.
- \* A zona arredor do lume deberá de estar protexido con area ou calquera outro material que o protexa de cinzas, graxas, aceites, ... co fin de protexer o chan e que permaneza limpo.
- \* Os responsables de cada solicitude deberán manter a zoa utilizada en perfecto estado de uso e limpeza, tanto durante as mesmas, coma unha vez recollidas as instalacións.
- \* En todo caso, o domingo día 21 de agosto, ás 09:00h, o espazo asignado deberá estar despexado de todo o material utilizado na festa, limpo e baldeado, deixándoo nas mesmas condicións que antes dos eventos.

*SOLICITUDE PARA USO DE TERRAZA  
DA HOSTALERÍA*

**Datos do solicitante:**

Nome \_\_\_\_\_ comercial: \_\_\_\_\_

Nome e apelidos do representante: \_\_\_\_\_

D.N.I. /C.I.F: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Enderezo electrónico: \_\_\_\_\_

Lugar que solicita: \_\_\_\_\_

—  
Metros cadrados: \_\_\_\_\_

Observacións: \_\_\_\_\_

**INTERESE EN FACER LUMES E GRELLAS:**

SI  NON

**COMPROMISO DE COLABORACION:**

O solicitante asume o coñecemento das normas de Participación anexos á solicitude presentada e entende que no caso de non respectalos, o Concello poderá excluír esta solicitude ou ben retirar os elementos non autorizados durante os días da Festa Corsaria.

Sinatura:



Marín, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022